



APRAFOGA

Asociación Profesional de Axentes
Forestais e Medioambientais de Galicia

Resumo da presentación telemática mantida o día catro de decembro entre o Conselleiro do Medio Rural, o novo Director Xeral de Defensa do Monte con Aprafoga e as asociacións do persoal do Servizo de Incendios, para explicarnos os novos orzamentos para o ano 2021 no relativo ao servizo e falar da futura lei de prevención e extinción de incendios forestais de Galicia.

De primeiro trasladarvos que o conselleiro pediunos desculpas diante de tódalas asociacións ao corpo de Axentes polos comentarios que fixo no Twitter.

Manifestounos que vai haber un aumento significativo de dotación presupostaria para o servizo este ano 2021 e como novidades a destacar os seguintes puntos:

- Anticipanos que se están estudando levar a cabo unha reestruturación dos Servizos por Direccións Xerais diferenciando Incendios e Montes. E esta reestruturación chegará ata o persoal dos Distritos. Deixando entrever no colectivo de axentes a posibilidade de estar en montes “como unha segunda actividade a marxe da extinción”.
- No que respecta as BIIF dixo que quería facer un achegamento moi forte entre as BIIF e os xuíces e fiscalía, facer traballo conxunto.
- En canto os vehículos seguiran renovando o parque móbil, e van a entregar inmediatamente un lote duns 350 rotativos portátiles, para os vehículos dos Axentes que a día de hoxe non dispoñan deles.
- Creación dunha rede de bases forestais dignas, antigos puntos de encontro, para o persoal de Distrito.
- Vanse comprar ou alquilar garaxes ou naves, para que os vehículos do servizo.
- Creación do centro integral para a loita contra o lume en Toén, onde se dará formación ao persoal do servizo en extinción de lumes, queimas prescritas, ... suplindo así a Egap e Agasp na formación específica de incendios. Este centro contará en principio cun circuío e un campo de practicas ademais das aulas de formación.
- Con respecto as licitacións manifestounos que quería traballar con convenios marco para que si algún ano sobran cartos dos presupostos podelos destinar a compra de equipación, xa que así se abrevian os prazos de adquisición.



APRAFOGA

Asociación Profesional de Axentes
Forestais e Medioambientais de Galicia

- En canto a maquinaria queren retomar a entrega de tractores equipados con desbrozadoras aos distritos para labores de prevención e estes serían ou ben de propiedade ou alugados.
- Proxecto Corta-lumes. A idea é crear discontinuidades, facendo pasteiros, promovendo zonas agrícolas, creando zonas de frondosas e facendo queimas controladas, para evitar os grandes lumes. Estas zonas marcaríanse seguindo criterios técnicos feitos polo Servizo de Incendios, Lourizán, Universidade e a Axencia Galega de desenvolvemento Rural. As áreas serían unhas 60 cunha superficie media dunhas 100 has, e priorizaríanse as zonas de alta incidencia incendiaria.
- En relación a Lei de Incendios manifestounos que se vai a contar con todo o persoal para aportar ideas que poidan mellorar a Lei e para elo farán enquisas entre o persoal.

Tamén fixo unha presentación do novo Xefe Director Xeral en Defensa do Monte, Manuel Rodríguez o cal se referiu a nos AF, como pezas clave no organigrama que van desenrolar..

En resumen referíronse a nos como moi bos profesionais AF, que queren facer un viraxe e apostar máis por prevención que extinción. Que van a facer cambios no organigrama de funcionamento que van a afectar aos Distritos. Quen os vai a deseñar e a coordinar é o novo Director Xeral Manuel Rodríguez.